

ACABOUSE O CARBÓN

Xan Carlos Fernández*

A Fraga é unha aldea situada dentro do Parque Natural do Xurés, pertencente ao concello de Lobeira, a uns 900 metros de altitude. Ten a curiosidade de que é unha aldea-parroquia porque non ten máis núcleos ca este por mor do afastamento a outras poboacións. Traemos aquí unha nova curiosidade sobre o aproveitamento que se fai das uces, que aínda seguen recollendo os veciños desta localidade.

Cóntanos Lucía Rodríguez, unha muller que sempre viviu na Fraga, que "ao monte ían dúas persoas, cortábanse os cañotos, faciase unha burata, encendíase o lume, botábanse os cañotos na burata, unha vez ardido en brasa, botábaselle terra. Collíase o angazo e tirábase a unha eira. Ao encher os sacos introducíase carqueixa. Unha vez preparado subíanse os sacos ao cabalo e levábase a vender a Celanova". A señora Lucía quéixase que "desde que comezaron a poñer os piñeiros na Serra, acabouse o carbón".

Como os veciños da Fraga sabían que CERNA lles ía facer unha entrevista, xuntouse toda a veciñanza a carón do local veciñal, recentemente acondicionado. Están moi orgullosos do arranxo do local porque "aquí xa viñan profesores da Universidade de Santiago onde durmían e comían, pero isto non estaba en condicións".

Outro veciño, o Marcelino, describe con máis precisión o aproveitamento dos torgos (raíz da uz). "Hai que rachalos moi rachadiños, picalos en tres ou cuatro cachos. Facer unha burata na terra, porque a terra dalle a temple. En dúas ou tres horas faciase o carbón. Aínda hai buratas de cando se facían no monte, porque na burata é onde se queimaba. E despois faciase unha eira [estendíase o carbón] para enfrialo e botábase nunhas sacas". Para extraer o torgo "rómpease coa petá", unha especie de pico que todos os veciños e veciñas da Fraga teñen pendurados, xunto coas demais ferramentas de labranza, nos baixos das casas e que mostran con moito orgullo. Marcelino di que cada raíz ou torgo daba uns oito ou dez cachos. O monte "coutábase" porque había quen ía facer o carbón e había quen non. O Marcelino desempeña na actualidade o



Aldea de A Fraga no concello de Lobeira, dentro do Parque Natural do Xurés.



Pila de torgos.

xo da estrada "paran na ponte, porque agora eso está difícil polo Parque e pola Rede Natura. O de Bande está parado no 29, 'o melhor já' non vai vir". Cando mencionan "o 29" estanse a referir ao marco delimitador da raia con Portugal, porque sinalando coa mao "tras daquil monte é a raia con Portugal. Os torgos cortábanse na Serra do Laboreiro e desde aquí iamos ata Bande co carbón no carro e polo camiño da Canella do Cordo ata Celanova".

O carbón vendíase aos ferreiros pero agora hai menos uceiras, por iso, outra veciña sentenza, "en canto non arda o monte, non se poña de luto, non haberá torgos". A hospitalidade connosco queda patente ao convidarnos para o mes de decembro á inauguración do local e para o lector ou lectora da revista que se quei-



A Señora Lucía.

ra chegar, a unha demostración da elaboración do carbón vexetal. Cando subíamos para A Fraga os veciños de Lobeira advertíronnos que existía "unha lingua da Fraga" e que deberían "estudala", aínda que nós sabemos que non é máis que o galego-portugués que pervive no uso destas localidades arraianas.

* A "fala da Fraga" é a que empregan os habitantes desa zona do Parque do Xurés. Xan Carlos Fernández é membro de ADEGA-Ourense.